

COMO SOLICITAR A DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DE ASOCIACIÓNS NO ÁMBITO GALEGO



MAIV
PORTAL DE
ASOCIACIÓNS

01 Declaración de utilidade pública de asociacións

As **medidas** máis importantes:

- Promoción.
- Impulso.

Intervén nos ámbitos: educativo, cívico, científico, cultural, sanitario, asistencial, solidario, ambiental ou deportivo, entre outros.

Beneficiar, coa súa actuación desinteresada, á sociedade en xeral ou a un colectivo indeterminado de persoas.



02 Requisitos da declaración de utilidade pública

Que os seus fins estatuarios tendan a promover o **interese xeral**.

Que a súa actividade non estea restrinxida exclusivamente a beneficiar ás persoas asociadas, senón aberta a calquera outra persoa beneficiaria que reúna as **condicións** e **caracteres** esixidos pola índole dos seus propios fins.

Que os membros dos órganos de representación que perciban retribucións **non** o fagan con **cargo a fondos ou subvencións públicas**.

Que conten con medios persoais, materiais adecuados e coa organización idónea para **garantir o cumprimento dos fins estatuarios**.

Que se atopen **constituídas, inscritas** no rexistro correspondente, **en funcionamento** e dando **cumprimento efectivo** aos seus fins estatuarios, interrompidamente e concorrendo todos os precedentes requisitos, polo menos durante os **dous anos** inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.



03 Resolución do procedemento



A resolución ten un prazo de **seis meses** e realizarase pola persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.



A resolución será **expresa e motivada**, e accederá ou negará a petición.



O vencemento do prazo máximo, sen terse notificada resolución expresa, terá como efecto a **desestimación** por **silencio administrativo**.



03 Documentación da solicitud de declaración de utilidade pública (PR310A)

Informe xustificativo: obxectivos da asociación e as razóns da petición (considerada utilidade pública) e con especial referencia ás súas actividades de interese xeral.

Memorias: actividades (desenvolvido ininterrompidamente durante os dous exercicios económicos anuais precedentes a aquel no que se presenta a solicitude). Unha por cada exercicio económico, asinadas polos membros do órgano de representación da entidade.

Contas anuais dos dous últimos exercicios pechados (balance de situación, a conta de resultados e a memoria económica, que amosen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade).

Certificacións das: **Axencia Estatal de Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Tesourería Xeral da Seguridade Social** nas que conste que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e que non constan débedas.

Copia de alta no epígrafe correspondente do **Imposto sobre Actividades Económicas**, no seu caso.

Certificación do acordo do órgano da asociación que sexa competente polo que se solicita a declaración de utilidade pública.

Xustificante do pagamento da taxa correspondente.



04 Revogación da declaración de utilidade pública

De non ditarse e notificarse resolución expresa no prazo de **seis meses**, o procedemento de revogación entenderase caducado.

Deberes da declaración de utilidade pública:

- Facilitan o control do seu adecuado funcionamento.
- Cumprimento efectivo dos seus fins estatutarios.
- Correcto destino dos beneficios económicos recibidos.

Incumprimentos das asociacións que lexitiman á Administración para iniciar de oficio un procedemento de revogación da utilidade pública:

- Non rendición de contas en prazo.
- Rendición con defectos.





MAIV
PORTAL DE
ASOCIACIONES